

ACTA Nº 17-2012

1 DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL

- DIA 25/10/2012-

Marxe que se cita:

ASISTENTES

Presidente:

ADOLFO F. MUIÑOS SANCHEZ.- (BNG)

Concelleiros/as asistentes:

ADELINA CES QUINTANS (BNG)

M^a TERESA SOBRADELO IGLESIA.- (BNG)

CONSTANTINO CASTAÑO CALVO (BNG)

XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ (BNG)

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO (BNG)

JOSE CARLOS GEY HERMO (PSOE)

JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO (PSOE)

SONIA CASTAÑO EIRAS (PSOE)

M^a OLGA GONZÁLEZ DOURADO (PSOE).-

M^a VANESA MARTÍNEZ DURAN (PP)

JOSE RICARDO BESADA GESTO (PP)

M^a DE LAS NIEVES VICENTE VARELA (PP)

JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE (PP).-

ELISA BOUZAS VICENTE (PP)

Concelleiros ausentes:

ANA MARIA AGRELO REY (PSOE)

ANA MARIA EITOR VIDAL (PP)

Secretaria:

Carolina Costoya Pardo

Interventora:

Agueda Bello Valdés

Na Casa Consistorial de Rianxo na data sinalada ut supra, ás **20:08 horas** reúnen os/as Concelleiros/as que á marxe se indican, coa asistencia da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal, neste caso sesión ordinaria.

Constatada a presenza de membros en quórum suficiente para celebrar a sesión deste órgano, pola Presidencia declárase aberta a sesión e procédese a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

2º.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.

3º.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE DETERMINADAS MATERIAS DE PERSONAL FUNCIONARIO E DO ACORDO DE DETERMINADAS MATERIAS DE PERSONAL LABORAL DO CONCELLO DE RIANXO AO ABEIRO DO RD.20/2012.

4º.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE A DOMICILIO.

5º.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS.

6º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE VEHICULOS DE TRACCIÓN MECANICA

7º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO

8º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

9º.- APROBACIÓN PROVISIONAL DA ORDENANZA XERAL REGULADORA DA APLICACIÓN DE TRIBUTO SE INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO

10º.- MOCIONS DE URXENCIA.

11º.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Acta Nº 15 Sesión extraordinaria do día 24 de setembro de 2012

A Presidencia preguntalle aos Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Non habendo observacións ao respecto queda APROBADA a citada acta por unanimidade dos presentes, 15 dos 17 que legalmente a constitúen.-

Acta Nº 16 Sesión ordinaria do día 27 de setembro de 2012

A Presidencia preguntalle aos Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, D. Carlos Gey Hermo sinala unha emenda da súa intervención na moción **7.1.- ETIQUETAXE OBRIGATORIA DOS PRODUCTOS GALEGOS DO MAR PARA CONSERVA OU TRANSFORMACIÓN (RXE nº 6967, do 25/09).**- na páxina 15 . E así propón a seguinte:

- Onde di: <<que están de acordo e teñen a seguridade de que a eliminación desta etiquetaxe se propuxo por unha deputada galega, Dª Carmen Fraga, fronte ao parecer doutro deputado que defendeu o seu mantemento, D. Antolín Sánchez Precedo, e polo tanto soamente poden apoiar esta moción...>>
- Debe dicir: <<que están de acordo e teñen a seguridade de que a decisión da Eurocamárea da supresión da obrigaón de incluír a denominación comercial da especie e do país de orixe no etiquetado das conservas, a partires dunha emenda introducida pola eurodiputada popular, Dª Carmen Fraga, fronte á defensa da mesma feita polo eurodiputado do Partido Socialista, D. Antolín Sánchez Precedo, vai perxudicar gravemente a todos produtos do mar galegos, moi especialmente ao sector mexilloeiro. O etiquetado nas conservas é unha garantía para a viabilidade do sector mexilloeiro así como unha garantía para o consumidor ao ser a única forma de diferenciar os produtos do mar de Galicia dos foráneos, motivos máis que suficientes para apoiar a moción.>>

A secretaria lembra que a súa función é recoller de xeito sucinto as intervencións e é difícil recollelo ao detalle mais acepta o texto.

O alcalde na súa intervención na mesma páxina quere puntualizar:

Onde di: <<O alcalde di que tendo en conta do que vive o 20% da poboación actual de Rianxo cunha produción pequena tanto mexilloeira como marisqueira en xeral debe apoiarse a moción>>

Debe dicir: <<O alcalde di que tendo en conta do que vive o 20% da poboación activa de Rianxo que hai pequenas empresas en xeral que viven da importante produción mexilloeira como marisqueira, debe apoiarse a moción>>

O alcalde tamén solicita se emende unha pequeno erro de letras da súa intervención no punto **4.- DECLARACIÓN DE NON DISPOÑIBILIDADE DE CRÉDITOS 1/2012.**- na páxina 7 da acta, e así propón a seguinte emenda á acta:

Onde di: <<O alcalde di que o pode entender pero non compartir, sería entendible que se destinara a servizos sociais ou a prestar servizos básicos e non ser "secuestrado" dos salarios, retirándoo de circulación por dous anos.../...>>

Debe dicir: <<O alcalde di que o pode entender pero non compartir, sería entendible que se destinara a servizos sociais ou a prestar servizos básicos e non ser "secuestrados" os salarios, e retirados os créditos .../...>>

A secretaria acepta a aclaración.

Non habendo outras observacións ao respecto queda APROBADA a citada acta **coas rectificacións indicadas** con 10 votos a favor (os dos 6 do BNG e os 4 do PSOE), 5

abstencións (dos 5 membros do PP) e cero votos en contra, dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

2.A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01 de setembro de 2012 ata o 30 de setembro de 2012, que comprenden os números 468/2012 ao 527/2012, de cuxa relación deuse copia aos voceiros dos grupos.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.

2.B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 18 Sesión extraordinaria do día 13 de setembro de 2012.
- Acta Nº 19 Sesión extraordinaria do día 27 de setembro de 2012.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

3.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE DETERMINADAS MATERIAS DE PERSONAL FUNCIONARIO E DO ACORDO DE DETERMINADAS MATERIAS DE PERSONAL LABORAL DO CONCELLO DE RIANXO AO ABEIRO DO RD.20/2012

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<O RD 20/2012, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, ten modificado o réxime retributivo dos supostos de incapacidade temporal, especialmente no artigo 9.

Pola súa banda, o Comité de empresa e o representante dos funcionarios formularon á Alcaldía mediante escrito do 04/10/2012 (RXE nº 7195) proposta para a negociación colectiva ao respecto, tanto no relativo aos complementos nos períodos de IT, como a determinación de supostos excepcionais e xustificados para o complemento do 100%, como a creación dunha comisión de seguimento, a petición da súa aplicación a todo o personal funcionario e laboral municipal non limitado aos de mais de 3 anos, e que se revisen os casos dos funcionarios procedentes da MUNPAL.

O día 09/10/2012 emitiuse informe pola Secretaría e Intervención municipal sobor da proposta formulada, tendo en conta que a disposición transitoria 15ª do Real Decreto di que serán desenvoltas as previsións contidas no artigo 9 do devandito texto por cada Administración Pública no prazo de 3 meses dende a publicación do RD. Lei.

O 11/10/2012 reuníronse os representantes dos traballadores, Delegados de Persoal e Comité de Empresa, e organizacións sindicais (CCOO, UGT e CIGA) e representantes do Concello na Mesa de negociación e asinouuse o texto das modificacións axustadas ao RD. 20/2012., tal e como figura na acta da sesión nº 6.

Polo exposto, esta Alcaldía, propón ao pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Ratificar a modificación adoptada nos termos que se asinou que son os seguintes:

<<MODIFICACIÓN AO ABEIRO DO ESTIPULADO NOS ARTIGOS 9 E DISPOSICIÓN ADICIONAL 18ª DO RD.20/2012 (BOE 14/07/2012) DO:

- ACORDO DE DETERMINADAS MATERIAS DE PERSOAL FUNCIONARIO DO CONCELLO DE RIANXO.
- ACORDO DE DETERMINADAS MATERIAS DE PERSOAL LABORAL DO CONCELLO DE RIANXO.

O Real Decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, recolle unha nova regulación da prestación económica na situación de incapacidade temporal do personal ao servizo das Administracións públicas.

A dita regulación é aplicable ao persoal funcionario municipal conforme aos termos da Disposición Adicional 18ª do Rd-Lei 20/2012, por remisión da Disposición adicional Segunda da Lei 7/1985, de bases de réxime local; e tamén é aplicable ao persoal laboral municipal nas condicións do artigo 9 do Real Decreto mencionado, sendo en ambos casos idénticas. No primeiro caso recoñecidos e determinados os complementos retributivos de antemán, e no segundo obxecto de negociación xa que logo habilitase a cada Administración Pública para complementar as prestacións que percibe o personal ao seu servizo que se atope incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social nas situacións de incapacidade temporal cunha serie de límites porcentuais e de tempo.

Xunto a ilo, engádese a posible determinación de casos excepcionais e xustificados en que cada Administración Pública pode complementar ata o 100% das retribucións do mes anterior.

Considerando que non se prevé no RD. 20/2012 referencia específica nin diferenciación ningunha en relación ao personal funcionario procedente da MUNPAL se mantén o estipulado cando se integraron no réxime xeral da seguridade social mais respectando os marxes que se recollen na DA 18ª.

Visto que o prazo límite é de tres meses dende a entrada en vigor do devandito texto legal, que ten lugar o 15/10/2012. Se ben as IT producidas entre o 15/07/2012 e a data de negociación se seguerán a rexer polo existente ata ese momento.

Neste marco normativo, a proposta e en consenso cos representantes dos empregados municipais na Mesa de Negociación do día 11/10/2012 considerase:

- suspenso o texto actual do artigo 15 do acordo de determinadas materias do personal laboral municipal por contradecir o RD 20/2012, non existindo disposición ao respecto das IT no acordo relativo aos funcionarios municipais.
- Dar o mesmo tratamento, co gallo de non xerar diferenza ningunha entre os diferentes empregados municipais, sexan funcionarios ou laborais fixos ou temporais, con independencia do tempo de contratación.
- Aplicar os complementos das prestacións por incapacidade temporal ata os límites que permite o RD 20/2012.
- Determinar os casos excepcionais e xustificados en que se complementará ata o 100% das retribucións xunto co de hospitalización e intervención cirúrxica.
- Crear unha comisión mixta de seguimento das situacións de incapacidade temporal e casos excepcionais e xustificados.

Polo exposto, a Mesa de Negociación adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro: Ao personal do Concello de Rianxo, calquera que sexa a natureza xurídica da súa relación de emprego e que se atope incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social, lle será de aplicación os complementos para os casos de incapacidade temporal e o estipulado ao abeiro do RD.20/2012 tal e como se indica nos seguintes apartados.

Segundo: Modificar o texto do artigo 15 do Acordo de determinadas materias do personal laboral do Concello de Rianxo de xeito que diga:

1. O Concello de Rianxo complementará a situación de incapacidade temporal dentro dos seguintes límites:

A) Para a situación de incapacidade temporal que derive de continxencias comúns complementarase do seguinte xeito:

- durante o tres primeiros días, recoñécese un complemento retributivo até alcanzar o 50% das retribucións que veña percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade.
- Desde o día cuarto até o vixésimo, ambos inclusive, recoñécese un complemento retributivo até alcanzar 75 % das retribucións que veña percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade.
- A partir do día vixésimo primeiro, inclusive, recoñécese unha prestación equivalente ao 100% das retribucións que viñesen percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade.

B) Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias profesionais, a prestación recoñecida pola Seguridade Social será complementada, desde o primeiro día, até alcanzar o 100% das retribucións que veña percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade.

2. Asemade determínanse como causas excepcionais e xustificadas ao abeiro do artigo 9 do RD.20/2012 nas que se complementar a prestación recoñecida pola Seguridade Social ata o 100% das retribucións que se viña percibindo no mes anterior os seguintes:

- hospitalización,
- intervención cirúrxica,
- Paternidade/Maternidade
- IT sen hospitalización provocada por enfermidades crónicas, dexenerativas, irreversíbeis e/ou incurábeis,
- IT por enfermidade relacionada por discapacidades recoñecidas cun grado do 33% ou superior
- IT sen hospitalización pero que requira tratamento ou terapia hospitalaria como por exemplo a diálise,
- procesos oncolóxicos,
- IT producida polo embarazo,
- risco no embarazo,
- períodos de recuperación ou postoperatorios,
- IT recaída por procesos anteriores incluídos neste punto.

As devanditas situacións deberán ser acreditadas mediante a prescrición médica, parte de baixa o calquera outro medio fidedigno da situación que a causa.

3. Para os efectos de resolver os supostos dubidosos de inclusión no apartado 2 constituirase unha comisión mixta de seguimento das situacións de incapacidade temporal e casos excepcionais e xustificadas (para persoal funcionario e laboral) cuxa composición será:

- o Alcalde como xefe de persoal,
- os representantes dos traballadores,
- igual número de representantes municipais que representantes dos traballadores,
- a traballadora social municipal

Esta comisión reunirse periodicamente segundo as necesidades. A adopción de acordos será por maioría simple, e en caso de empate decidirá o voto de calidade do Alcalde na segunda votación.

Terceiro: Engadir unha Cláusula adicional terceira ao acordo de determinadas materias do persoal funcionario do Concello de Rianxo de xeito que diga:

1. O Concello de Rianxo complementar a situación de incapacidade temporal conforme aos termos da Disposición adicional 18ª do RD. 20/2012:

A) Para a situación de incapacidade temporal que derive de continxencias comúns complementarase do seguinte xeito:

- durante o tres primeiros días, recoñécese un complemento retributivo até alcanzar o 50% das retribucións que veña percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade.

- Desde o día cuarto até o vixésimo, ambos inclusive, recoñécese un complemento retributivo até alcanzar 75 % das retribucións que veña percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade.
- A partir do día vixésimo primeiro, inclusive, recoñécese unha prestación equivalente ao 100% das retribucións que viñesen percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade.

B) Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias profesionais, a prestación recoñecida pola Seguridade Social será complementada, desde o primeiro día, até alcanzar o 100% das retribucións que veña percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade.

2. Asemade determínanse como causas excepcionais e xustificadas ao abeiro do artigo 9 do RD.20/2012 nas que se complementará a prestación recoñecida pola Seguridade Social ata o 100% das retribucións que se viña percibindo no mes anterior os seguintes:

- hospitalización,
- intervención cirúrxica,
- Paternidade/Maternidade
- IT sen hospitalización provocada por enfermidades crónicas, dexenerativas, irreversíbeis e/ou incurábeis,
- IT por enfermidade relacionada por discapacidades recoñecidas cun grado do 33% ou superior
- IT sen hospitalización pero que requira tratamento ou terapia hospitalaria como por exemplo a diálise,
- procesos oncolóxicos,
- IT producida polo embarazo,
- risco no embarazo,
- períodos de recuperación ou postoperatorios,
- IT recaída por procesos anteriores incluídos neste punto.

As devanditas situacións deberán ser acreditadas mediante a prescrición médica, parte de baixa o calquera outro medio fidedigno da situación que a causa.

3. Para os efectos de resolver os supostos dúbidosos de inclusión no apartado 2 constituirase unha comisión mixta de seguimento das situacións de incapacidade temporal e casos excepcionais e xustificadas (para persoal funcionario e laboral) cuxa composición será:

- o Alcalde como xefe de persoal,
- os representantes dos traballadores,
- igual número de representantes municipais que representantes dos traballadores,
- a traballadora social municipal

Esta comisión reunirse periodicamente segundo as necesidades. A adopción de acordos será por maioría simple, e en caso de empate decidirá o voto de calidade do Alcalde na segunda votación.

Cuarto: En virtude da Disposición transitoria 15ª do RD. 20/2012, a aplicación dos novos termos de prestacións por IT se efectuará para aquelas situacións producidas dende o 15/10/2012.>>

Segundo: Remitir ao órgano autonómico competente para proceder á súa publicación no BOP.>>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE ASUNTOS SOCIAIS, PARTICIPACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS INTERNOS do día 22/10/2012, sendo este favorable.

O alcalde engade que a proposta fórmulase no espírito de respectar aos acordos adoptados en relación ao persoal municipal e á vez de atender aos límites do RD 20/2012, tentando chegar ata o 100% das coberturas das baixas dentro do límite legal nos casos excepcionais e xustificadas e dando cobertura de xeito igualitario con independencia do tipo de relación.

O alcalde da a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran, di que se van a abster.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que apoian a proposta na súa totalidade dando o máximo de cobertura na situación de incapacidade temporal que se permite legalmente para nivelar as inxustizas cos traballadores das administracións públicas.

A voceira do grupo municipal do BNG, D.^a. Adelina Ces Quintáns, di que a van a apoiar para facer posible dalgún xeito xustiza e fronte ao recorte que aos traballadores da administración pública ven facendo o goberno do Sr. Raxoi.

O alcalde di que espera que caian pouco enfermos.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e con 10 votos a favor (os dos 6 do BNG e os 4 do PSOE), 5 abstencións (dos 5 membros do PP) e cero votos en contra, dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-

4.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE A DOMICILIO

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<Tal e como se preceptúa no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas, no artigo 15 a 19, e có fin de evitar a perda da capacidade de xerar ingresos que compensen a subida de prezos interanual dos gastos e a revisión imposta polo contrato de concesión do servizo de subministro de auga potable a domicilio e saneamento.

Emitido o preceptivo informe de intervención, con data 17/10/2012.

En virtude do exposto, e en consonancia coa documentación do expediente, propónse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa de abastecemento de auga potable a domicilio, no seu artigo 5º.- Cota tributaria, que queda coa a seguinte redacción:

“Artigo 5º.- cota tributaria

A) Uso doméstico: mínimo 30 m³/ trimestre, a razón de 0,2800 euros/m³, os excesos a 0,3769 euros/m³.

As tarifas son sen IVE incluído

B) Usos industriais: consumo mínimo 60 m³/ trimestre, a razón de 0,3769 euros/m³, os excesos, a razón de 0,4523 euros/m³.

As tarifas son sen IVE incluído

C) Taxas enganche:

Vivendas: 88,50 euros.

Industrias: 206,48 euros.

Hoteis e similares: 206,48 euros.

Obras: 206,48 euros.

D) Taxas de conservación de contadores

Diámetro 13-20 mm ----- 0,84€/ab.trimestre

Diámetro 25-30 mm ----- 2,23 €/ab.trimestre

Diámetro 40-50 mm ----- 6,35 €/ab.trimestre

E) Taxa de conservación de acometidas

Cantidade por usuario ----- 0,86 €/ab.trimestre

1.- A presente modificación da Ordenanza foi aprobada polo Concello en Pleno en sesión celebrada o de de 2012.

2.- O inicio de aplicación desta modificación é o 1 de xaneiro de 2013."

Segundo.- Expoñer ao público no taboleiro de Edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de máis difusión da Provincia, durante trinta días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

De non formularse reclamacións entenderase definitivamente aprobado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade dun novo acordo plenario

Terceiro.- Os acordos definitivos, incluído os provisionais elevados automaticamente a tal categoría e o texto íntegro das Ordenanzas ou das súas modificacións, deberán publicarse no B.O.P., sen que entren en vigor ata que se leve a cabo dita publicación>>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO do día 22/10/2012, sendo este favorable.

O alcalde explica que se trae a este pleno unha batería de modificacións das ordenanzas existentes. Basicamente todas as ordenanzas dedícanse a modificar os impostos conforme ao IPC, recóllese a posibilidade de aprazamento en dúas tandas, ogallá poida ser en máis prazos, outra novidade ten que ver coa xestión do IBI onde se fai unha posta ao día cunha redución de familia numerosa e permitindo aplicar unha bonificación ás familias que non superen os 100.000€ cuns índices de progresión segundo a renda; o IPC está engadido por Lei para aplicar as subas nas modificacións existentes.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran di que se absteñen nesta modificación.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que estan a favor, que a taxa de abastecemento a domicilio se incrementa un 2,7%, igual no lixo e polo tanto estase axustando, no IBI haberá unha bonificación dun 50% sempre que os valores catastrais non superen os 100.000€, indo polo número de membros por familia, influíndo o feito de que un membro da familia sexa unha persoa con discapacidade, así pon o exemplo de que unha familia de 3 persoas que non superen 25.000€ terían ese desconto, 4 que non superen 35.000€ tamén e así progresivamente. Remata a súa intervención dicindo que esta opción xurdiu da petición veciñal relativa a dificultade para acollerse as bonificacións algunhas familias coa redacción anterior.

Di que o aprazamento non tería custe ningún, estándose estudiando que puidera ser en varios prazos o pago, pero inicialmente para o servizo de recadación sería difícil xa que requiriría un programa máis complexo e custoso, así que se vai ir vendo a súa demanda.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que a suba é dun 2% e discrepa co voceiro do PSOE en que "non é moito" xa que logo os soldos non están subindo e na crise actual vai afectar a moitas familias que non dispoñan de diñeiro nun momento dado.

O alcalde engade, para rematar o debate, que no establecemento da bonificación incrementouse o importe máximo de renda para que poidan acollerse a ela as familias menos pudientes. No tocante ao IVTM figura a aplicación de bonificación aos vehiculos de máis de 25 anos como tamén se recolle noutros concellos da comarca.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e con 10 votos a favor (os dos 6 do BNG e os 4 do PSOE), 5 abstencións (dos 5 membros do PP) e cero votos en contra, dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-

5.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<Tal e como se preceptúa no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas, no artigo 15 a 19, e có fin de evitar a perda da capacidade de xerar ingresos que compensen a subida de prezos interanual dos gastos e a revisión imposta polo contrato de concesión do servizo de subministro de auga potable a domicilio e saneamento.

Emitido o preceptivo informe de intervención, con data 17/10/2012.

En virtude do exposto, e en consonancia coa documentación do expediente, propónse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa de saneamento de augas residuais, no seu artigo 5º.- Cota tributaria, que queda coa a seguinte redacción:

“Artigo 5º.- cota tributaria

A) Uso doméstico: 14,42 euros/ trimestre.

B) Usos comerciais: 28,99 euros/ trimestre.

C) Usos industriais: 38,47 euros/ trimestre.

D) Taxas de enganche:

Vivendas -----147,48 euros
 Industrias ----- 243,35 euros
 Hoteis e similares ----- 368,71 euros

E) As cantidades a esixir con ocasión da práctica das análises esixidas polo Regulamento Municipal de Verquidos, deberán de axustarse as seguintes contías:

PH	5,51 €
Conductividade:	5,51 €
Sólidos en suspensión totais	16,73 €
D.B.Q.5:	34,95 €
D.Q.O.	28,11 €
Fósforo	15,48 €
Nitróxeno amoniacal	13,05 €
Sulfuro:	19,32 €
Aceites e graxas:	66,30 €
Recollida e envío mostra o laboratorio:	96,72 €

As tarifas son sen IVE engadido

F) As cantidades a esixir con ocasión das actuacións de comprobación, inspección e emisión de informes ós que se refire o Regulamento Municipal de Verquidos, deberán de axustarse ás seguintes contías:

Por inspección	187,49 €
----------------	----------

As tarifas son sen IVE engadido

1.- A presente modificación da Ordenanza foi aprobada polo Concello en Pleno en sesión celebrada o de de 2012.

2.- O inicio de aplicación desta modificación é o 1 de xaneiro de 2013"

Segundo.- Expoñer ao público no taboleiro de Edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de máis difusión da Provincia, durante trinta días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

De non formularse reclamacións entenderase definitivamente aprobado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade dun novo acordo plenario.

Terceiro.- Os acordos definitivos, incluído os provisionais elevados automaticamente a tal categoría e o texto íntegro das Ordenanzas ou das súas modificacións, deberán publicarse no B.O.P., sen que entren en vigor ata que se leve a cabo dita publicación.>>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO do día 22/10/2012, sendo este favorable.

O alcalde explica que se trae a este pleno unha batería de modificacións das ordenanzas existentes. Basicamente todas as ordenanzas dedícanse a modificar os impostos conforme ao IPC, recóllese a posibilidade de aprazamento en dúas tandas, ogallá poida ser en máis prazos, outra novidade ten que ver coa xestión do IBI onde se fai unha posta ao día cunha redución de familia numerosa e permitindo aplicar unha bonificación ás familias que non superen os 100.000€ cuns índices de progresión segundo a renda; o IPC está engadido por Lei para aplicar as subas nas modificacións existentes.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran di que se absteñen nesta modificación.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que estan a favor, que a taxa de abastecemento a domicilio se incrementa un 2,7%, igual no lixo e polo tanto estase axustando, no IBI haberá unha bonificación dun 50% sempre que os valores catastrais non superen os 100.000€, indo polo número de membros por familia, influíndo o feito de que un membro da familia sexa unha persoa con discapacidade, así pon o exemplo de que unha familia de 3 persoas que non superen 25.000€ terían ese desconto, 4 que non superen 35.000€ tamén e así progresivamente. Remata a súa intervención dicindo que esta opción xurdiu da petición veciñal relativa a dificultade para acollerse as bonificacións algunhas familias coa redacción anterior.

Di que o aprazamento non tería custe ningún, estándose estudiando que puidera ser en varios prazos o pago, pero inicialmente para o servizo de recadación sería difícil xa que requiriría un programa máis complexo e custoso, así que se vai ir vendo a súa demanda.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que a suba é dun 2% e discrepa co voceiro do PSOE en que “non é moito” xa que logo os soldos non están subindo e na crise actual vai afectar a moitas familias que non dispoñan de diñeiro nun momento dado.

O alcalde engade, para rematar o debate, que no establecemento da bonificación incrementouse o importe máximo de renda para que poidan acollerse a ela as familias menos pudientes. No tocante ao IVTM figura a aplicación de bonificación aos vehículos de máis de 25 anos como tamén se recolle noutros concellos da comarca.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e con 10 votos a favor (os dos 6 do BNG e os 4 do PSOE), 5 abstencións (dos 5 membros do PP) e cero votos en contra, dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-

6.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE VEHICULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<Tal e como se preceptúa no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas, no artigo 17 a 19, e debido ós cambios necesarios derivados da aprobación do Plan de Saneamento vinculado ao Real Decreto- Lei 5/2009, de 24 de abril, de medidas extraordinarias e urxentes para facilitar ás Entidades Locais o saneamento de débedas pendentes de pago con empresas e autónomos e aprobado polo Pleno da Corporación con data 01/07/2009 e corrixido posteriormente o 30/07/2009, é necesario modificar artigo segundo da **Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica**.

Emitido o preceptivo informe de intervención, con data 13/09/2012.

En virtude do exposto, e en consonancia coa documentación do expediente, propónse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación do artigo segundo da **Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica**, que queda redactado integramente como segue:

“Artigo segundo.

De conformidade co artigo 95.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello fixa o coeficiente de incremento, no Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, sobre as cotas orixinais establecidas no citado artigo 95.1 do mesmo texto legal, nos seguintes termos:

	Cota.	Coef.	Tarifa.
TURISMO MENOS 8 HP	12,62	1,41	17,79
TURISMO DE 8 A 11,99 HP	34,08	1,41	48,05
TURISMO DE 12 A 15,99 HP	71,94	1,41	101,44
TURISMO DE 16 A 19,99 HP	89,61	1,51	135,31
TURISMO DE 20 HP EN ADIANTE	112,00	1,51	169,12
AUTOBUS MENOS 21 PLAZAS	83,30	1,41	117,45
AUTOBUS DE 21 A 50 PLAZAS	118,64	1,41	167,28
AUTOBUS MAIS DE 50 PLAZAS	148,30	1,41	209,10
CAMION MENOS DE 1.000 KG	42,28	1,41	59,61

CAMION DE 1.000 A 2.999 KG	83,30	1,41	117,45
CAMION DE 2.999 A 9.999 KG	118,64	1,41	167,28
CAMION MAIS DE 9.999 KG	148,30	1,41	209,10
TRACTOR MENOS 16 HP	17,67	1,41	24,91
TRACTOR DE 16 A 25 HP	27,77	1,41	39,16
TRACTOR MAIS DE 25 HP	83,30	1,41	117,45
REMOLQUE MENOS 1.000 KG	17,67	1,41	24,91
REMOLQUE DE 1.000 A 2.999 KG	27,77	1,41	39,16
REMOLQUE MAIS DE 2.999 KG	83,30	1,41	117,45
CILOMOTOR	4,42	1,41	6,23
MOTOCICLETA ATA 125CC	4,42	1,41	6,23
MOTOCICLETA DE 125 A 250CC	7,57	1,41	10,67
MOTOCICLETA DE 250 A 500CC	15,15	1,41	21,36
MOTOCICLETA DE 500 A 1.000 CC	30,29	1,51	45,74
MOTOCICLETA MAIS DE 1.000 CC	60,58	1,51	91,48

Artigo Cuarto:

"Artigo 4. Bonificación para vehículos históricos.

1.- Gozaran dunha bonificación do 100% na cota os vehículos históricos, ou aqueles que teñan unha antigüidade igual ou superior a vintecinco anos contados dende a data da súa fabricación tomándose como tal, se esta non se coñecera a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data na que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar.

2.- A bonificación deberá ser solicitada polo interesado e debera ir acompañada da seguinte documentación:

- DNI do solicitante
- Copia compulsada do permiso de circulación
- Ficha técnica do vehículo
- Documentación acreditativa da antigüidade do vehículo."

1- A presente modificación do artigo segundo da **Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica** foi aprobada polo Concello en Pleno en sesión celebrada o de de 2012.

2.- O inicio de aplicación desta modificación é o 1 de xaneiro de 2013."

Segundo.- Expoñer ó público no taboleiro de Edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de máis difusión da Provincia, durante trinta días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. De non formularse reclamacións entenderase definitivamente aprobado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade dun novo acordo plenario.

Terceiro.- Os acordos definitivos, incluído os provisionais elevados automaticamente a tal categoría e o texto íntegro das Ordenanzas ou das súas modificacións, deberán publicarse no B.O.P., sen que entren en vigor ata que se leve a cabo dita publicación.>>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO do día 22/10/2012, sendo este favorable.

O alcalde explica que se trae a este pleno unha batería de modificacións das ordenanzas existentes. Basicamente todas as ordenanzas dedícanse a modificar os impostos conforme ao IPC, recóllese a posibilidade de aprazamento en dúas tandas, ogallá poida ser en máis prazos, outra novidade ten que ver coa xestión do IBI onde se fai unha posta ao día cunha redución de familia numerosa e permitindo aplicar unha bonificación ás familias que non superen os 100.000€ cuns índices de progresión segundo a renda; o IPC está engadido por Lei para aplicar as subas nas modificacións existentes.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran di que se absteñen nesta modificación.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que estan a favor, que a taxa de abastecemento a domicilio se incrementa un 2,7%, igual no lixo e polo tanto estase axustando, no IBI haberá unha bonificación dun 50% sempre que os valores catastrais non superen os 100.000€, indo polo número de membros por familia, influíndo o feito de que un membro da familia sexa unha persoa con discapacidade, así pon o exemplo de que unha familia de 3 persoas que non superen 25.000€ terían ese desconto, 4 que non superen 35.000€ tamén e así progresivamente. Remata a súa intervención dicindo que esta opción xurdiu da petición veciñal relativa a dificultade para acollerse as bonificacións algunhas familias coa redacción anterior.

Di que o aprazamento non tería custe ningún, estándose estudiando que puidera ser en varios prazos o pago, pero inicialmente para o servizo de recadación sería difícil xa que requiriría un programa máis complexo e custoso, así que se vai ir vendo a súa demanda.

A voceira do grupo municipal do BNG, D.^a Adelina Ces Quintáns, di que a suba é dun 2% e discrepa co voceiro do PSOE en que “non é moito” xa que logo os soldos non están subindo e na crise actual vai afectar a moitas familias que non dispoñan de diñeiro nun momento dado.

O alcalde engade, para rematar o debate, que no establecemento da bonificación incrementouse o importe máximo de renda para que poidan acollerse a ela as familias menos pudientes. No tocante ao IVTM figura a aplicación de bonificación aos vehículos de máis de 25 anos como tamén se recolle noutros concellos da comarca.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e con 10 votos a favor (os dos 6 do BNG e os 4 do PSOE), 5 abstencións (dos 5 membros do PP) e cero votos en contra, dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-

7.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<Tal e como se preceptúa no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas, no artigo 15 a 19, e có fin de evitar a perda da capacidade de xerar ingresos que compensen a subida de prezos interanual dos gastos.

Emitido o preceptivo informe de intervención, con data 13/09/2012.

En virtude do exposto, e en consonancia coa documentación do expediente, propónse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa polo servizo de recollida do lixo, no seu artigo 6º.- **Tarifas**, que queda coa a seguinte redacción:

“Artigo 6º. Tarifas

Importe cuatrimestral

	Servizo Diario	Servizo Alternativo
1.- Vivendas:		
VIVENDAS	33,45	27,39
2.- Alimentación:		
SUPERMERCADOS		
Ata 150m2	67,68	47,16
Máis de 150 ata 250 m2	101,90	69,95
(>250m2)	141,38	97,02
COOPERATIVAS	67,68	47,16
ECONOMATOS	67,68	47,16
ULTRAMARINOS	67,68	47,16
CARNICERÍAS	67,68	47,16
PANADERÍAS	67,68	47,16
PASTELERÍAS	67,68	47,16
FROITERÍAS:		
Ata 100 m2	67,68	47,16
(>100m2)	99,50	68,57
CHURRERÍAS, FRITURAS	67,68	47,16
PEIXERÍAS	67,68	47,16
CONXELADOS	67,68	47,16
XELADERÍAS, LAMBETADAS	67,68	47,16
3.- Calzados, tecidos, mercerías e confección:		
COMERCIOS DE CALZADO	67,68	47,16
COMERCIOS DE TECIDOS	67,68	47,16
COMERCIOS DE CONFECCIÓN	67,68	47,16
TENDAS DE DEPORTE	67,68	47,16
MERCERÍAS	67,68	47,16
4.- Droguerías, ferraxerías, electrodomésticos, cristais, pinturas:		
TAPICERÍAS, DECORACIÓN	67,68	47,16
DROGUERÍAS	67,68	47,16
ARTIGOS DE REGALO, XOGUETES	67,68	47,16
ARTIGOS DE BRICOLAXE E MANUALIDADES	67,68	47,16
FERRAXERÍAS	67,68	47,16
ELECTRODOMÉSTICOS: (> 150m2)	99,50	68,57
(< 150m2)	67,68	47,16
CRISTALARÍAS	67,68	47,16
COMERCIO DE PINTURAS	67,68	47,16
5.- Papelerías, imprentas, estancos, loterías, fotografía, mobles de oficina, xoierías e florerías:		
ESTANCOS	67,68	47,16
LOTERÍAS	67,68	47,16
FOTOGRAFÍA	67,68	47,16
LIBRERÍAS	67,68	47,16
PAPELERÍA	67,68	47,16

IMPRENTAS	99,50	68,57
MOBLES E MAQUINARIA DE OFICINA	67,68	47,16
FLORERÍAS	67,68	47,16
VENDA ANIMAIS DE COMPAÑÍA	67,68	47,16
XOIERÍAS	67,68	47,16
RELOXERÍAS	67,68	47,16
6.- Mobles, funerarias, marmorerías e materiais de construción:		
MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN:		
(polo miúdo)	67,68	47,16
(por xunto)	99,50	68,57
MARMORERÍAS	67,68	47,16
MOBLERÍAS:		
(Ata 500 M2)	82,89	63,88
(> 500M2 e ata 1000 M2)	101,90	69,95
(> 1000M2)	141,38	97,02
POMPAS FÚNEBRES	67,68	47,16
7.- Artesanía, oficios e obradoiros:		
PERRUQUERÍAS	67,68	47,16
XASTRERÍAS	33,45	27,39
TALLERES DE COSTURA	33,45	27,39
CARPINTERÍAS DE MADEIRA E METAL	99,50	68,57
TINTURERÍAS	67,68	47,16
SALÓNS DE BELEZA	67,68	47,16
REPARACIÓN DE CALZADO	33,45	27,39
OBRADOIROS	33,45	27,39
8.- Industria do automóbil, talleres mecánicos, exposición e venda de vehículos, garaxes, etc.		
VENDA E RECAMBIO DE VEHÍCULOS	67,68	47,16
GASOLINEIRAS	141,38	97,02
LAVADO-ENGRAXE VEHÍCULOS	112,05	69,95
TALLERES DE ELECTRICIDADE DO AUTOMÓBIL	112,05	69,95
TALLERES MECÁNICOS	112,05	69,95
ÍDEM CON EXPOSICIÓN E VENDA	112,05	69,95
REPARACIÓN E MANTEMENTO DE BUQUES	112,05	69,95
TALLER MAQUIN.E VEHÍC.AGRIC. E INDUST.	112,05	69,95
EXPOSIC.E VENDA VEHÍC.E MAQUIN.AGRIC. E INDUST.	112,05	69,95
GARAXES DE AUTOMÓBILES INDUSTRIAIS	67,68	47,16
9.- Oficinas, bancos,axencias,farmacias,profesións liberais, centros de ensino e recreativos:		
OFICINAS	67,68	47,16
AXENCIAS: INMOBILIAR.,DE VIAXES,DE SEGUROS, ETC.	67,68	47,16
SOCIED.RECREAT.E ASOCIACIÓNS CON FIN DE LUCRO	67,68	47,16
DESPACHOS E CONSULTAS DE PROFESIÓNS LIBERAIAS	82,89	63,88
BANCOS E CAIXAS DE AFORRO	141,38	97,02
FARMACIAS	101,90	69,95
ÓPTICAS	67,68	47,16
CLÍNICAS MÉDICAS E DENTAIS	101,90	69,95
CLÍNICAS VETERIANARIAS	67,68	47,16
CENTROS PRIVADOS DE ENSINO, ACADEMIAS	67,68	47,16
GARDERÍAS	67,68	47,16
AUTO-ESCOLAS	67,68	47,16
SALAS DE XOGO:		
(S/máquinas tipo B)	67,68	47,16

(c/máquinas tipo B)	101,90	69,95
VIDEO-CLUBE	67,68	47,16
ESTABLECEMENTOS DE CIBERNÉTICA	67,68	47,16
XIMNASIOS	67,68	47,16
10.- Establecementos de hostalerías, aloxamento, restauración e espectáculos:		
DISCOTECAS	141,38	97,02
SALAS DE FESTA	141,38	97,02
SALAS DE CINE	67,68	47,16
BINGOS	141,38	97,02
BARES E TABERNAS	67,68	47,16
BARES E CAFETERÍAS CATEGORÍA ESPECIAL	82,89	63,88
CLUBES E UISQUERÍAS	141,38	97,02
FONDAS, HOSTAIS, HOSPEDAXE:		
(1 ata 10 habitacións)	82,89	63,88
(de 11 a 20 habitacións)	101,90	69,95
(Máis de 20 habitacións)	141,38	97,02
RESTAURANTES CON VODAS E BANQUETES	141,38	97,02
RESTAURANTES SEN VODAS E BANQUETES:		
(1 garfo)	82,89	63,88
(máis de 1 garfo)	101,90	69,95
HOTEIS	141,38	97,02
ACAMPAMENTOS	82,89	63,88
11.- Almacéns, industrias, fábricas:		
DEPÓSITOS E ALMACÉNS DE BEBIDAS	82,89	63,88
ÍDEM DE ALIMENTACIÓN E FROITAS	82,89	63,88
ÍDEM DE FARIÑA, SEMENTES E PENSO	82,89	63,88
ALMACÉNS DE MADEIRA	82,89	63,88
FABRICA DE ENVASES E DEPÓSITOS	101,90	69,95
FABRICA DE MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN	101,90	69,95
FABRICA DE GASOSAS, BEBIDAS	101,90	69,95
FABRICA DE PRENDAS DE VESTIR	141,38	97,02
FABRICA DE CONSERVAS	141,38	97,02
FABRICA DE LIXIVIA, XABÓN, DETERXENTES	101,90	69,95
ESTALEIROS E SERRADOIROS	101,90	69,95
GRANXAS INDUSTRIAIS	101,90	69,95
MATADOIROS E FRIGORÍFICOS INDUSTRIAIS	141,38	97,02
12.- Postos praza de abastos:		
POSTOS PRAZA DE ABASTOS	33,45	27,39
13.- Locais non expresamente tarifados:		
LOCAIS NON EXPRESAMENTE TARIFADOS	33,45	27,39

1.- A presente modificación da Ordenanza foi aprobada polo Concello en Pleno en sesión celebrada o de de 2012.

2.- O inicio de aplicación desta modificación é o 1 de xaneiro de 2013."

Segundo.- Expoñer ao público no taboleiro de Edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de máis difusión da Provincia, durante trinta días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

De non formularse reclamacións entenderase definitivamente aprobado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade dun novo acordo plenario.

Terceiro.- Os acordos definitivos, incluído os provisionais elevados automaticamente a tal categoría e o texto íntegro das Ordenanzas ou das súas modificacións, deberán publicarse no B.O.P., sen que entren en vigor ata que se leve a cabo dita publica>>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO do día 22/10/2012, sendo este favorable.

O alcalde explica que se trae a este pleno unha batería de modificacións das ordenanzas existentes. Basicamente todas as ordenanzas dedícanse a modificar os impostos conforme ao IPC, recóllese a posibilidade de aprazamento en dúas tandas, ogallá poida ser en máis prazos, outra novidade ten que ver coa xestión do IBI onde se fai unha posta ao día cunha redución de familia numerosa e permitindo aplicar unha bonificación ás familias que non superen os 100.000€ cuns índices de progresión segundo a renda; o IPC está engadido por Lei para aplicar as subas nas modificacións existentes.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran di que se absteñen nesta modificación.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que estan a favor, que a taxa de abastecemento a domicilio se incrementa un 2,7%, igual no lixo e polo tanto estase axustando, no IBI haberá unha bonificación dun 50% sempre que os valores catastrais non superen os 100.000€, indo polo número de membros por familia, influíndo o feito de que un membro da familia sexa unha persoa con discapacidade, así pon o exemplo de que unha familia de 3 persoas que non superen 25.000€ terían ese desconto, 4 que non superen 35.000€ tamén e así progresivamente. Remata a súa intervención dicindo que esta opción xurdiu da petición veciñal relativa a dificultade para acollerse as bonificacións algunhas familias coa redacción anterior.

Di que o aprazamento non tería custe ningún, estándose estudiando que puidera ser en varios prazos o pago, pero inicialmente para o servizo de recadación sería difícil xa que requiriría un programa máis complexo e custoso, así que se vai ir vendo a súa demanda.

A voceira do grupo municipal do BNG, D.^a Adelina Ces Quintáns, di que a suba é dun 2% e discrepa co voceiro do PSOE en que “non é moito” xa que logo os soldos non están subindo e na crise actual vai afectar a moitas familias que non dispoñan de diñeiro nun momento dado.

O alcalde engade, para rematar o debate, que no establecemento da bonificación incrementouse o importe máximo de renda para que poidan acollerse a ela as familias menos pudientes. No tocante ao IVTM figura a aplicación de bonificación aos vehiculos de máis de 25 anos como tamén se recolle noutros concellos da comarca.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e con 10 votos a favor (os dos 6 do BNG e os 4 do PSOE), 5 abstencións (dos 5 membros do PP) e cero votos en contra, dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-

8.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<A Xerencia rexional do Catastro de Galicia, está procedendo a valoración colectiva xeral deste municipio, cunha previsión de entrada en vigor a data 1 de xaneiro de 2013.

E sabida a incidencia substancial que as novas ponencias de valores producen sobre as cotas líquidas do Imposto sobre bens inmobles, por iso, e co fin de axustar debidamente a presión fiscal sobre os contribuíntes do Concello de Rianxo, é necesario modificar a **Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles**, razón pola que propónse a seguinte modificación:

Ao abeiro do establecido no artigo 74.4 do real decreto 2/2004 polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais establecece unha modificación da bonificación relativa a familias numerosas.

Co obxecto de facilitar o cumprimento da obrigaación tributaria, establecece un sistema especial de pago das cuotas por recibo, de forma que o pago do importe total anual do imposto distribuírase en dous prazos , ascendendo cada un ao 50 % da cuota resultante do padrón do IBI.

Emitido o preceptivo informe de intervención, con data 25/09/2012.

En virtude do exposto, e en consonancia coa documentación do expediente, propónse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a introdución do artigo quinto da **Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles**, que queda redactado integramente como segue:

"Artigo quinto

Coeficiente redutor aplicable aos inmobles rústicos valorados conforme ao apartado 1 da disp. Transitoria primeira do R.D.L. 1/2004 de 5 marzo, que aproba o T.R. da Lei do Catastro Inmobiliario:

Establecece como coeficiente redutor aos efectos determinados no apdo. 2º da disposición transitoria décimo oitava do R.D.L. 2/2004 do 62%."

Segundo.- Modificación do apartado terceiro do artigo 4 que quedaría redactado do seguinte xeito:

" Os suxeitos pasivos que ostente a condición de titulares de familia numerosa gozarán dunha bonificación do 50% na cota íntegra do inmovible de uso residencial que constitúa a súa residencia habitual, e na que estañan empadroados os membros da unidade familiar, sempre que se cumpran ademais os seguintes requisitos:

a) Que o valor catastral do ben inmovible obxecto de bonificación, dos que sexan suxeitos pasivos o titular da familia numerosa ou algún dos membros desta, non exceda de 100.000 €

b) Que os ingresos brutos da unidade familiar, tendo en conta o número de membros desta, non exceda dos seguintes límites

N.º membros unidade familiar	Importe máximo ingresos brutos
3	25.000
4	35.000
5	40.000
6	45.000
7	47.000
8	49.000
9 ou máis	50.000

Os suxeitos pasivos que, cumprindo cos requisitos establecidos no apartado anterior, pretendan gozar da bonificación, deberán presentar a correspondente solicitude, antes do 31 de marzo do ano correspondente ó período impositivo no que pretendan que produza efectos. Xuntamente co escrito deberá achegarse a seguinte documentación:

1. Copia compulsada do título de familia numerosa expedido polo órgano competente.
2. Certificado de empadramento do titular da familia numerosa, referida a situación existente a 31 de decembro do ano inmediato anterior, no que conste os membros da unidade familiar que conviven no inmovible para o que se solicita a bonificación.
3. Copia compulsada das derradeiras declaracións do imposto sobre a renda das persoas físicas presentadas polo titular da familia numerosa e, no seu caso, por cada un dos membros da unidade familiar que obteña rendas suxeitas o referido imposto. No caso de non estar obrigados a presentar declaración da renda, aportarán certificado no que conste que non se ten presentado esta, e nóminas, certificados de retención ou calquera outro documento que sirva para a determinación dos ingresos brutos.

A bonificación concedida só producirá efectos para o período impositivo no que se insta a súa concesión, debendo solicitar a súa prórroga nos seguintes períodos impositivos, aportando de novo a documentación que acredite que se seguen a cumprir os requisitos para o seu goce.

Terceiro.- Aprobar provisionalmente a introdución do artigo quinto da **Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis**, que queda redactado integramente como segue:

“ Artigo 6.- Xestión do imposto.

1. O prazo para o pago voluntario dos recibos do imposto sobre ben inmóveis para o exercicio 2013 comprende con carácter xeral dende o un de setembro ao 20 de novembro.
Co obxecto de facilitar o cumprimento da obrigaón tributaria, establecece no artigo 16 da ordenanza xeral de recadación do Concello de Rianxo un sistema especial de pago das cuotas por recibo de forma que o pago do importe total anual do imposto distribuírase en dous prazos, nos meses de xuño e setembro.”

1- A presente modificación do artigo quinto da **Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis** foi aprobada polo Concello en Pleno en sesión celebrada o de de 2012.

2.- O inicio de aplicación desta modificación é o 1 de xaneiro de 2013”

Cuarto.- Expoñer ó público no taboleiro de Edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de máis difusión da Provincia, durante trinta días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. De non formularse reclamacións entenderase definitivamente aprobado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade dun novo acordo plenario.

Quinto.- Os acordos definitivos, incluído os provisionais elevados automaticamente a tal categoría e o texto íntegro das Ordenanzas ou das súas modificacións, deberán publicarse no B.O.P., sen que entren en vigor ata que se leve a cabo dita publicación.>>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO do día 22/10/2012, sendo este favorable.

O alcalde explica que se trae a este pleno unha batería de modificacións das ordenanzas existentes. Basicamente todas as ordenanzas dedícanse a modificar os impostos conforme ao IPC, recóllese a posibilidade de aprazamento en dúas tandas, ogallá poida ser en máis prazos, outra novidade ten que ver coa xestión do IBI onde se fai unha posta ao día cunha redución de familia numerosa e permitindo aplicar unha bonificación ás familias que non superen os 100.000€ cuns índices de progresión segundo a renda; o IPC está engadido por Lei para aplicar as subas nas modificacións existentes.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran di que se absteñen nesta modificación.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que estan a favor, que a taxa de abastecemento a domicilio se incrementa un 2,7%, igual no lixo e polo tanto estase axustando, no IBI haberá unha bonificación dun 50% sempre que os valores catastrais non superen os 100.000€, indo polo número de membros por familia, influíndo o feito de que un membro da familia sexa unha persoa con discapacidade, así pon o exemplo de que unha familia de 3 persoas que non superen 25.000€ terían ese desconto, 4 que non superen 35.000€ tamén e así progresivamente. Remata a súa intervención dicindo que esta opción xurdiu da petición veciñal relativa a dificultade para acollerse as bonificacións algunhas familias coa redacción anterior.

Di que o aprazamento non tería custe ningún, estándose estudiando que puidera ser en varios prazos o pago, pero inicialmente para o servizo de recadación sería difícil xa que requiriría un programa máis complexo e custoso, así que se vai ir vendo a súa demanda.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que a suba é dun 2% e discrepa co voceiro do PSOE en que “non é moito” xa que logo os soldos non están subindo e na crise actual vai afectar a moitas familias que non dispoñan de diñeiro nun momento dado.

O alcalde engade, para rematar o debate, que no establecemento da bonificación incrementouse o importe máximo de renda para que poidan acollerse a ela as familias menos pudientes. No tocante ao IVTM figura a aplicación de bonificación aos vehículos de máis de 25 anos como tamén se recolle noutros concellos da comarca.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e con 10 votos a favor (os dos 6 do BNG e os 4 do PSOE), 5 abstencións (dos 5 membros do PP) e cero votos en contra, dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-

9.- APROBACIÓN PROVISIONAL DA ORDENANZA XERAL REGULADORA DA APLICACIÓN DE TRIBUTOS SE INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

Tal e como se preceptúa no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas, no artigo 15 a 19, e có fin de efectuar unha regulación conxunta do servizo de recadación.

Emitido o preceptivo informe de intervención, con data 17/10/2012.

En virtude do exposto, e en consonancia coa documentación do expediente, proponse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a ordenanza xeral do Concello de Rianxo:

“ORDENANZA XERAL REGULADORA DA APLICACION DE TRIBUTOS E INGRESOS DE DEREITO PUBLICO.

Capítulo i. Disposicións xerais.

Artigo 1.- Obxecto

A presente ordenanza ten por obxecto establecer principios básicas e normas xerais de xestión, recadación e inspección referentes aos tributos e demais ingresos de dereito publico que constitúen o réxime fiscal do Concello de Rianxo.

Artigo 2.- Ámbito de aplicación.

Esta Ordenanza aplicarase en todo o termino municipal do Concello de Rianxo, dende a súa entrada en vigor ata a súa derogación ou modificación.

Artigo 3.- Normativa aplicable.

O réxime fiscal do municipio esta regulador polas seguintes disposicións:

- a) a presente ordenanza xeral.
- b) As ordenanzas municipais reguladoras dos diferentes ingresos de dereito publico.
- c) El texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo.
- d) La lei 7/1985, de abril, reguladora das bases de réxime local.
- e) O real decreto 1065/2007 de 27 de xullo polo que se aproba o Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenrolo das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos.
- f) O real decreto 939/2005 de 29 de xullo, polo que se aproba o regulamento xeral de recadación (en adelante, o "regulamento xeral de recadación").
- g) Real decreto 2063/2004, de 15 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral de réxime sancionador tributario.
- h) El Real decreto 520/2005 de 13 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de desenrolo da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral tributaria, en materia de revisión en vía administrativa.
- i) La lei 30/92, de 26 de novembro , sobre o réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.
- j) As demais disposicións tributarias o xerais, concordantes e complementarias.

Artigo 4.- Interpretación.

As ordenanzas tributarias e demais ingresos de dereito publico municipais se interpretarán ao abeiro do disposto no artigo 3.1 do Código civil, a Lei xeral tributaria e demais disposicións tributarias xerais.

Artigo 5.- Os recursos municipais.

1.- A Facenda do Concello estará constituída polo seguintes recursos:

- a) os ingresos procedentes do seu patrimonio e demais de dereito privado.
- b) Os tributos propios clasificados en impostos, taxas e contribucións especiais.
- c) Os recargos esixibles, no seu caso, sobre os impostos da Comunidade Autónoma Galega.
- d) As participacións nos tributos do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.
- e) As subvencións.
- f) Os percibidos en concepto de prezos públicos.
- g) O produto de operacións de crédito.
- h) O produto das multas e sancións no ámbito das súas competencias
- i) As demais prestacións de dereito publico.

2.- Para a cobranza dos tributos e das cantidades que como ingresos de dereito publico, tales como prestacións patrimoniais de carácter publico non tributarias, prezos públicos, e multas e sancións pecuniarias, que deba percibir a Facenda Municipal de conformidade co previsto no apartado anterior, dita Facenda ostentara as prerrogativas establecidas legalmente para a facenda do Estado e actuara, no seu caso, conforme aos procedementos administrativos correspondentes.

3.- As referencias a tributos realizadas nesta Ordenanza deberán entenderse ampliadas ao resto de ingresos de dereito publico en todo aquilo que lles puidera ser de aplicación.

Artigo 6.- Feito imponible.

1. O feito imponible é o orzamento fixado pola lei para configurar cada tributo e cuxa realización orixina o nacemento da obriga tributaria principal.
2. A Lei e cada ordenanza tributaria municipal poderá completar a delimitación do feito imponible mediante a mención de supostos de non suxeición.

Artigo 7.- Obrigados tributarios. Suxeitos pasivos: contribuínte e substituto do contribuínte.

1. Son obrigados tributarios as persoas físicas ou xurídicas e as entidades as que a normativa tributaria impón o cumprimento de obrigas tributarias. Entre outros son obrigados tributarios:
 - a) os contribuíntes
 - b) os substitutos do contribuínte
 - c) os sucesores
 - d) os demais sinalados no artigo 35 da Lei xeral tributaria.

A concorrencia de varios obrigados tributarios nun mesmo suposto de obrigación determinará que queden solidariamente obrigados fronte a Facenda Municipal ao cumprimento de todas as prestacións, salvo que por Lei dispóñase expresamente outra cousa. Cando a Facenda Municipal se coñeza a identidade dun titular practicará e notificará as liquidacións tributarias a nome do mesmo, quen virá obrigado a satisfacelas se non solicita división. A tal efecto, para que proceda a división será indispensable que o solicitante facilite datos persoais e o domicilio dos restantes obrigados ao pago, así como a proporción en que cada un deles participe no dominio ou dereito transmitido.

2. É suxeito pasivo o obrigado tributario, que segundo a Lei, debe cumprir a obriga tributaria principal, o pago da cuota, así como as obrigas formais inherentes a mesma, sexa como contribuínte ou como substituto do mesmo.

- É contribuínte o suxeito pasivo que realiza o feito imponible
- É substituto o suxeito pasivo que por imposición legal e en lugar do contribuínte esta obrigado a cumprir a obriga tributaria principal, así como as obrigas formais inherentes a mesma.

O substituto poderá esixir do contribuínte o importe das obrigas tributarias satisfeitas, salvo que a lei sinala outra cousa.

Artigo 8.- Base imponible

1. A base imponible é a magnitude dineraria ou de outra natureza que resulta da medición ou valoración do feito imponible.
2. A base imponible poderá determinarse polo seguintes métodos:
 - a. Estimación directa
 - b. Estimación obxectiva
 - c. Estimación indirecta

Artigo 9.- Base liquidable. Tipo de gravame. Cuota tributaria.

1. A base liquidable é a magnitude resultante de practicar, no seu caso, a base imponible as reducións establecidas na lei.
2. O tipo de gravame é a cifra, coeficiente ou porcentaxe que se aplica a base liquidable para obter como resultado a cuota integra.
3. A cuota tributaria integra se determinará:
 - a. Aplicando o tipo de gravame a base liquidable
 - b. Segundo a cantidade fixa sinalada ao efecto.

Artigo 10.- Débeda tributaria.

1. A débeda tributaria estará constituída pola cuota ou cantidade a ingresar que resulte da obriga tributaria principal ou das obrigas de realizar pagos a conta.

2. Ademais, a débeda tributaria estará integrada, no seu caso, por :

- a) interese de demora
- b) recargos por declaración extemporánea
- c) recargos do período executivo
- d) recargos esixibles legalmente sobre as bases ou as cuotas, a favor da Facenda Municipal ou a favor de outros entes públicos.

3.As sancións tributarias que poidan impoñerse de acordo co disposto no Título IV da Lei xeral tributaria, non formarán parte da débeda tributaria, pero na súa recadación aplicaranse as normas incluídas no capítulo V do título III de dita lei.

4.En todo o relativo a extinción e a garantía da débeda tributaria, estarse ao disposto na Lei xeral tributaria e demais normativa tributaria aplicable.

Artigo 11.- Categorías de viais.

1. As cantidades fixadas ou as porcentaxes sobre a base referidos a categorías viais se aplicaran ao abeiro do índice fiscal de calles acompañante a Ordenanza reguladora do imposto sobre actividades económicas, salvo que a Ordenanza propia de cada tributo estableza expresamente outra clasificación.
2. Cando algún vial non apareza comprendido no índice mencionado anteriormente, será clasificado na categoría mais alta que corresponda a un vial co que comunique directamente o vial non clasificado no índice, e en defecto de comunicación con outro vial clasificado, se clasificara temporalmente na última das categorías establecidas no índice fiscal de calles contemplado na ordenanza reguladora do imposto de actividades económicas.

Artigo 12.- Exencións, bonificacións e reducións.

1. Non se outorgarán outras exencións, bonificacións ou reducións que as concretamente establecidas ou autorizadas por lei e ao abeiro dos supostos establecidos na ordenanza municipal propia de cada tributo.
2. A falta de regulación expresa nas ordenanzas reguladoras dos diferentes ingresos de dereito público, os prazos de solicitude de ditos beneficios serán as seguintes:
 - a. Nos tributos periódicos: a solicitude poderá formularse en calquera momento do período impositivo, si ben non surtirá efecto ata o seguinte período impositivo, salvo no caso de alta en que se acompañe ca solicitude a preceptiva declaración tributaria, suposto en que se aplicara no exercicio en curso. O beneficio non alcanzará as cotas devengadas con anterioridade a data en que se presente a declaración.
 - b. Nos tributos non periódicos: a solicitude formularase no momento de presentación da declaración tributaria ou a solicitude administrativa.
3. Con carácter xeral, salvo que a regulación de cada tributo estableza outra cousa, unha vez concedido un beneficio fiscal non será preciso reiterar a solicitude para a súa aplicación en períodos futuros, salvo que se modifiquen as circunstancias que xustificaron a súa concesión ou a normativa aplicable.
4. Para gozar de calquera beneficios fiscais, o suxeito pasivo debera encontrarse ao corrente de pago das súas obrigas tributarias con este Concello no momento do devengo da cota que vaia ser obxecto de beneficio.

Artigo 13.- Domicilio fiscal. Domicilio a efecto de notificacións.

1. O domicilio fiscal é o lugar de localización do obrigado tributario nas súas relacións co Concello.
O domicilio fiscal será salvo excepcións:
 - a) para as persoas físicas, o lugar onde teñan a súa residencia habitual
 - b) para as persoas xurídicas, o seu domicilio social sempre que nel este efectivamente centralizada a xestión administrativa e a dirección dos seus negocios. Noutro caso, se entenderá o lugar no que se leve a cabo dita xestión ou dirección.

2. Os obrigados tributarios deberán comunicar de forma expresa o seu domicilio fiscal e o cambio do mesmo ao Concello e dito cambio non producirá efectos fronte a esta ata que se cumpra dito deber de comunicación.
O prazo para a comunicación ao Concello do cambio do domicilio fiscal será de tres meses a partir do momento en que se produza o cambio. O incumprimento da obriga de comunicar o domicilio fiscal ou o cambio do mesmo podería constituír infracción tributaria leve.
O cambio de domicilio declarado no Padrón de habitantes e outros rexistros administrativos non supón un cambio no domicilio fiscal e como tal non substitúe a obriga da declaración tributaria indicada no artigo 48.2 da LXT.
3. A Facenda municipal poderá comprobar e rectificar o domicilio fiscal declarado polos obrigados tributarios en relación cos tributos cuxa xestión lle compete. En desenvolvemento da normativa regulamentaria do ámbito estatal do procedemento de comprobación e rectificación de domicilios fiscais, seguirase o seguinte procedemento:
 - a. Cando a rectificación de domicilio fiscal derive da información contida nos documentos, declaracións, inscricións en rexistros públicos municipais, e outros actos aportados, realizados ou producidos polos obrigados tributarios, a Facenda municipal, en virtude do principio de respecto aos actos propios de ditos obrigados, rectificará de oficio ditos domicilios, sen necesidade de audiencia previa ou notificación independente de tal rectificación.
 - b. Si a rectificación do domicilio fiscal derivase de actuacións de comprobación administrativa baseada en elementos distinto a os do parágrafo a) precedente, se concederá audiencia previa aos obrigados nos termos da lexislación reguladora do procedemento administrativo aplicable. Tras eles, o acto de rectificación será notificado ao obrigado tributario, incluso de forma simultánea a notificación de calquera actos administrativos ditados en procedementos de aplicación dos tributos. En tal caso, o obrigado poderá opoñerse a rectificación a través do procedemento de alegación ou impugnación que corresponda ao acto notificado simultaneamente.
 - c. A existencia de domicilio fiscal non impedirá a Facenda municipal xestione nas súas bases de datos outros domicilios aptos para a notificación aos efectos do artigo 109 e seguintes da Lei xeral tributaria.
 - d. Nos procedementos iniciados de oficio poderá acreditarse a notificación no domicilio fiscal do obrigado ou do seu representante, no centro de traballo, no lugar donde se desenvolva a actividade económica, ou en calquera outro axeitado a tal fin, podendo entenderse por tales, entre outros os que se desprendan de actuacións administrativas previas que se revelen como lugares útiles de notificación ao obrigado, podendo a facenda municipal incorporar outros domicilios, como complementarios ao fiscal, as bases de datos utilizadas para a aplicación de tributos e ingresos de dereito público.

Artigo 14.- Aplicación dos tributos.

1. Poderán refundirse en documento único as declaracións, liquidación e actos de recadación das exaccións que recaigan sobre o mesmo suxeito pasivo, en cuxo caso se requirira das exaccións que recaigan sobre o mesmo suxeito pasivo, en cuxo caso requirírase o seguinte:
 - a. Na liquidación deberán constar as bases e tipos ou cotas de cada concepto, co que quedarán determinadas ou individualizadas cada unha das liquidacións que se refunden.
 - b. Na recadación deberán constar por separado as cuotas relativas a cada concepto, co que cuxa suma determinará a cuota refundida a exaccionar mediante documento único.
2. A xestión poderá realizarse a partir de Padrón ou matrícula nos casos dos tributos nos que pola súa natureza se produza continuidade de feitos impositivos.
3. As altas produciranse ben pola declaración do obrigado tributario, ben pola acción investigadora do Concello, ou de oficio, surtindo efecto dende a data na que por disposición da lei ou ordenanza reguladora do tributo naza a obriga de contribuír, salvo a prescrición, e serán incorporadas definitivamente ao padrón ou matrícula do seguinte período.
4. As baixas deberán ser formuladas polo obrigados tributarios e unha vez comprobadas producirán a definitiva eliminación do Padrón con efectos a partir do período seguinte a aquel en que foron presentadas, salvo as excepcións establecidas na lei e na ordenanza propia de cada tributo.

5. Os obrigados tributarios estarán obrigados a poñer en coñecemento da facenda municipal toda modificación sobrevenida que poda alterar a alta, baixa ou alteración no Padrón na lei e na ordenanza propia de cada tributo.
6. Os padróns ou matriculas se someterán cada exercicio a aprobación do órgano competente, e unha vez aprobadas serán expostas ao público durante un prazo de quince días contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no boletín oficial da provincia.
7. A exposición ao público dos padróns ou matriculas producirá os efectos de notificación das liquidacións cuxas cuotas figuren consignadas. Os interesados poderán interpoñer contra ditos actos recursos de reposición, previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da finalización do período de exposición pública, sen prexuízo de calquera outro recurso que estableza a lei.
8. A exposición ao público se realizará no lugar indicado polo anuncio, que deberá fixarse no taboleiro de anuncios do Concello e publicarse no Boletín Oficial da provincia.

CAPITULO II. ACTUACIÓNS E PROCEDEMENTOS TRIBUTARIOS.

Artigo 15.- Procedementos de xestión e inspección tributaria.

En todo o relativo as actuacións e procedementos de xestión e inspección se estará ao disposto na Lei Xeral tributaria, cas especialidades establecidas na ordenanza propia de cada tributo.

Artigo 16.- Procedementos de recadación tributaria.

1. Os procedementos de recadación tributaria municipal regularanse polo disposto na Lei xeral tributaria e na ordenanza propia de cada tributo, cas especialidades establecidas nos seguintes apartados do presente artigo.
2. Prazos de pago en período voluntario:
 - a. As débedas tributarias resultantes de liquidacións practicadas pola Facenda Municipal deberán pagarse:
 - i. As notificadas entre os días 1 e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior ou, si este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.
 - ii. As notificadas entre os días 16 e último de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior ou, si este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.
 - b. Débedas de notificación colectiva e periódica. O pago das débedas de notificación colectiva e periódica que non teñan establecido outro prazo nas súas normas reguladoras deberán efectuarse no período comprendido entre o día 1 de setembro a 20 de novembro ou, si este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte. Non obstante, o órgano municipal que resulte competente para a aprobación dos padróns ou listados cobratorios de débedas de notificación colectiva e periódica, poderá modificar os prazos citados anteriormente, sempre que o prazo mínimo de pago en período voluntario sexa de dous meses.

As débedas de notificación colectiva e periodicidade anual que non teñan establecido prazo de pago distinto ao xeral definido no parágrafo precedente, poderán ser obxecto dun fraccionamento de pago que non xenerara devengo de intereses nin necesidade de prestación de garantía, baixo as seguintes condicións:

- I. O fraccionamento do pago requirirá previa solicitude por escrito do suxeito pasivo, a cal conterá a descrición dos conceptos tributarios sobre os cales se pretende o fraccionamento, ou no seu caso a expresión "Todos os tributos fraccionables segundo ordenanza fiscal".

En dita solicitude se incorporará unha orden de domiciliación bancaria das cuotas fraccionadas, na conta designada, o suxeito pasivo haberá de figurar como un dos seus titulares, así mesmo se acompañará copia de documentos que acrediten a personalidade e representación.

- II. A solicitude de fraccionamento se presentará ante o Concello, ata o último día do mes de febreiro do ano de devengo dos tributos a fraccionar, si ben unha vez solicitado o fraccionamento dun exercicio, este se entenderá solicitado para os exercicios sucesivos, salvo revogación expresa e por escrito polo suxeito pasivo,.

A posible revogación do fraccionamento, non producirá efectos ata o exercicio fiscal seguinte ao do correspondente a data de revogación.

- III. O fraccionamento se realizará en dúas cuotas fraccionadas a cobrar mediante domiciliación bancaria, cuxos vencementos serán os días 10 (ou se ese día fose inhábil o seguinte hábil) dos meses de xuño e setembro do ano do devengo do tributo.

O importe de cada cuota fraccionada será o correspondente a metade do importe anual do tributo resultante do Padrón fiscal do exercicio considerado. Non obstante, si por calquera razón a data de esixibilidade dalgunha das cuotas fraccionadas, non estivera aprobado o Padrón fiscal e por tanto fixado o importe do tributo, poderase realizar un cargo provisional por importe da metade do principal do tributo no precedente exercicio, regularizándose as diferenzas na segunda cuota fraccionada, ou en liquidación individualizada.

A adhesión a este sistema de fraccionamento, supón para o suxeito pasivo, a imposibilidade de realizar o pago da débeda tributaria no período de pago xeral, debendo realizarse o pago de cada cuota fraccionada ao seu vencemento.

O impago dunha das cuotas fraccionadas, suporá a súa esixibilidade por vía de constrinximento nos termos do artigo 54.2 b) do regulamento xeral de recadación (RD 939/2005 de 29 de xullo).

- c) salvo disposición en contrario as débedas tributarias resultantes dunha autoliquidación deberán pagarse no momento da súa presentación.

d)As débedas non tributarias deberán satisfacerse nos prazos que determinen as normas ao abeiro das cales tales débedas se esixan. No caso de non determinación dos prazos, aplicarase o disposto nos apartados anteriores.

- e) As débedas que deban satisfacerse mediante efectos timbrados pagaranse no momento da realización do feito imponible, se non se dispón outro prazo na súa regulación especial.

- f) As suspensións acordadas polo órgano administrativo ou xudicial competente en relación con débedas en período voluntario interrompíran os prazos fixados neste artigo. Resolto o recurso ou reclamación económico administrativa que deu lugar a suspensión, se o acordo non anula nin modifica a liquidación impugnada, deberá pagarse nos prazos previstos nos parágrafos i) e ii) do apartado 2.a) deste artigo, segundo que dita resolución fora notificada na primeira ou na segunda quincena do mes. A resolución administrativa adoptada se notificara ao recorrente con expresión do prazo no que debe ser satisfeita a débeda.

- g) Non obstante o indicado no paragrafo anterior, cando a execución do acto este suspendida, unha vez concluída a vía administrativa, os órganos de recadación non iniciaran ou, no seu caso, non reanudaran as actuacións do procedemento de constrinximento mentres non conclúa o prazo para interpoñer o recursos contencioso administrativo, sempre que a vixencia e eficacia da caución inicialmente aportada mantéñase ata entón. Si durante ese prazo o interesado comunicase a dito órgano a interposición do recurso, con petición de suspensión e ofrecemento de caución para garantir o pago da débeda, se manterá a paralización do procedemento en tanto conserve a súa vixencia e eficacia a garantía aportada en vía administrativa. O procedemento se reanudarás ou suspenderá a resultas da decisión que adopte o órgano xudicial na peza de suspensión.

- h) Salvo nos casos de apazamento ou fraccionamento solicitados conforme as previsión desta ordenanza e demais normas de aplicación, a os efectos do artigo 68 do regulamento xeral de recadación, os obrigados tributarios poderán realizar dentro de período voluntario un único pago, que poderá comprender a cuantía total ou parcial da débeda esixida en período voluntario.

3. Si se concedeu apazamento de pago, estarase ao disposto nesta ordenanza e no título II capítulo I , sección 2ª subsección 2ª do regulamento xeral de recadación.

4. Domiciliacións e pago anticipado:a orde de domiciliación surtirá efectos no exercicio corrente, sempre que se presenta a lo menos dous meses antes do comezo do período recaudatorio, no caso do pago anticipado antes do último día do mes de febreiro. Noutro caso, surtirá efectos a partir do seguinte exercicio.

No caso de domiciliación de todos os recibos esta afectará tanto aos presentes como aos futuros do mesmo concepto e titular, salvo orden en contrario. As domiciliacións terán validez por tempo indefinido en tanto non sexan anuladas polo interesado, rechazadas pola

entidade de depósito ou a Administración dispoña expresamente a súa invalidez por razóns xustificadas.

5. Concluído o período de pago en voluntario, no seu caso, iniciarase o período executivo pola contía da débeda non pagada.
6. Prazos de pago en período executivo: unha vez iniciado o período executivo e notificada a providencia de constrinximento, o pago da débeda tributaria efectuarase nos seguintes prazos:
 - a. Si a notificación da providencia se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data da recepción da notificación ata o día 20 de dito mes, ou si este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.
 - b. Si a notificación da providencia se realiza entre os días 16 e último de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 5 do mes seguinte ou, si este non fora hábil, ata o inmediato hábil posterior.
7. Nos procedementos de constrinximento, nos que a débeda acumulada dun mesmo debedor por calquera concepto non supere a contía de 6 euros se procederá a baixa provisional dos títulos de cobro. Non obstante, ditos títulos poderán ser rehabilitados:
 - a. Nos períodos e forma que a normativa autorice, si cambiasen substancialmente as circunstancias da débeda acumulada do interesado ou se produciran posibles lesións ou intereses de terceiros,
 - b. A solicitude do interesado, os seus causahabientes, interesados lexítimos ou responsables do pago.

Artigo 17.- Aprazamento ou fraccionamento en período voluntario.

1. As cantidades cuxo prazo se aprace ou fraccione devengará o interese de demora a que se refiren os artigos 58.2 c. da Lei xeral tributaria e 17 da lei 47/2003 de 26 de novembro
2. Fora dos supostos previstos no artigo 16.2ºB (pago anticipado) desta ordenanza, con carácter xeral, non se admitirán aprazamentos ou fraccionamentos respecto das débedas de cuantía inferior a 150 €.

Con carácter xeral, as débedas por importe superior poderán aprazarse ou fraccionarse durante os períodos seguintes:

IMPORTE DA DEBEDA	PERIODO MAXIMO
Entre 150,01€ e 300,50 €	Tres meses
Entre 300,51 € e 1.500,00 €	Seis meses
Entre 1.500,01 € e 3.000,00 €	Oito meses
Mais de 3.000,01 €	Doce meses

- a. As solicitudes de aprazamento ou fraccionamento presentaranse no rexistro xeral do Concello nos prazos fixados no artigo 16 da ordenanza para o seu ingreso.
2. A solicitude de aprazamento conterá necesariamente os seguintes datos:
 - a. Nome e apelidos, razón social ou denominación, número de identificación fiscal e domicilio fiscal do solicitante e, no seu caso, da persoa que o represente. Así mesmo, se identificara o medio preferente e o lugar sinalado a efectos de notificación.
 - b. Identificación da débeda cuxo aprazamento se solicita, indicando a lo menos o seu importe, concepto e data de finalización do prazo de ingreso en voluntaria.
 - c. Causas que motivan a solicitude de aprazamento.
 - d. Prazos e demais condicións de aprazamento que se solicita.
 - e. Garantía que se ofrece, no caso de que esta resulte esixible ao abeiro das previsións desta ordenanza e demais normas aplicables.
 - f. Lugar, data e firma do solicitante.
 - g. Orden de domiciliación bancaria, indicando o número de código conta cliente e os datos de identificación da entidade de crédito. Non obstante, o Concello poderá, na resolución de concesión do aprazamento ou fraccionamento, establecer a obriga de pago das débedas aprazadas ou fraccionadas polo sistemas distintos de domiciliación bancaria.
3. Ca solicitude de aprazamento deberá acompañarse:

- a. O modelo oficial de autoliquidación ou declaración liquidación, debidamente cumprimentado, cando se trate de débedas cuxa normativa reguladora así o esixa.
 - b. Compromiso de aval solidario da entidade bancaria, sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución , ou outra documentación prevista no artigo 46.3 a do regulamento xeral de recadación
 - c. No caso, os documentos que acrediten a representación.
 - d. Os demais documentos ou xustificantes que o interesado estime oportunos en apoio a súa petición.
4. Si a solicitude non reúne os requisitos ou non se acompañan os documentos que se sinalan no presente artigo, o Concello requirirá ao solicitante para que, no prazo de dez días, subsane a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que si así non o fixera terase por non presentada, arquivándose sen mais tramite a mesma.
 5. En particular si se presentada a solicitude dentro do período voluntario para o ingreso da débeda, se lle advertira que, si o prazo regulamentario de ingreso transcorrera ao finalizar o prazo sinalado no parágrafo anterior non tendo efectuado o pago nin aportando os documentos solicitados, esixirase a débeda pola vía de constrinximento, cos recargos e intereses correspondentes.
 6. Como regra xeral o solicitante deberá ofrecer garantía en forma de aval solidario da entidade de crédito o sociedade de garantía recíproca, acompañando ca solicitude o correspondente compromiso, expreso e irrevogable da entidade de formalizar o aval necesario si se concede o aprazamento solicitado. Dito aval haberá de ser conforme ao modelo acompañante a esta Ordenanza como Anexo I e deberá ser firmado por persoas con poder bastante para obrigar a Entidade avalista A tales efectos, a firma e representación deberán ser lexitimadas notarialmente.
 7. Non obstante o anterior, non se esixiran garantías para as solicitudes de aprazamento e fraccionamento de pago de débedas tributarias e de outros ingresos de dereito publico, cando o seu importe en conxunto non exceda de 6.000 euros. A tal efecto aplicaranse os criterios contidos na Orden do Ministerio de Facenda HAC/157/2003 de xaneiro, que se entende de aplicación supletoria para o non regulado expresamente por esta ordenanza.
 8. Cando a totalidade da débeda aprazada ou fraccionada se garante con aval solidario de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou mediante certificación de seguro de caución, o interese de demora esixible será o interese legal que corresponda ata a data do seu ingreso. En caso de garantirse de outro modo ou cando non se esixa garantía ao abeiro do previsto no anterior punto 8, o interese de demora aplicable será tributario.
 9. As resolucións que concedan aprazamentos de pago especificarán os prazos e demais condicións dos mesmos. A resolución poderá sinalar prazos e condicións distintos dos solicitados.
 10. En todo caso, o vencemento dos prazos deberá coincidir cos días 5 ou 20 do mes. Cando o aprazamento incluía varias débedas se sinalaran individualizadamente os prazos e contías que afecten a cada unha.
 11. Durante a tramitación da solicitude de aprazamento ou fraccionamento e ata tanto este resolta expresamente ou poida entenderse desestimada por silencio administrativo, o debedor deberá:
 - a. No caso de aprazamento, efectuar o pago no prazo solicitado, si a o seu vencemento non se resolvera a súa solicitude.
 - b. No caso de fraccionamento, efectuar pagos sucesivos, o primeiro deles con efectos do día 5 do mes seguinte ao da data de entrada no Rexistro municipal da solicitude (si esta tivo lugar entre os días 1 de 15 do mes) e con efectos do 20 do mes seguinte ao da data de entrada no Rexistro municipal (si esta tivo lugar entre os días 16 e ultimo do mes) e os restantes pagos nas mesmas datas dos meses sucesivos.

O importe dos pagos previstos neste punto será equivalente ao resultado de dividir a débeda obxecto de fraccionamento, con todos os seus compoñentes, entre 3, 6 ,8 ou 12, en función dos prazos a conceder en relación ao importe adebedado, ao abeiro da escala establecida no apartado 2 do presente artigo 17.

En ambos casos, a Administración esixirá os intereses correspondentes ao período que se extenda dende o fin do período voluntario de ingreso, ata a data real do pago total ou fraccionado.

12. Si a resolución fose estimatoria, se notificará ao solicitante advertíndolle dos efectos que se producen de non constituírse a garantía ou no caso de falta de pago e o calculo de intereses.
13. Si a resolución fose denegatoria ca notificación do acordo denegatorio iniciarase o prazo de ingreso regulado no artigo 16.2.a) desta Ordenanza. De producirse o ingreso en dito prazo notificarase liquidación polos intereses devengados a partir do día seguinte ao do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario ata a data de ingreso realizado durante o prazo aberto ca notificación da denegación. No caso de non producirse o ingreso no novo prazo concedido, comezará o período executivo.
14. A resolución deberá adoptarse no prazo de 20 días a contar dende o día no que a solicitude de aprazamento tivo entrada no rexistro administrativo competente para a súa tramitación. A presentación dunha solicitude de aprazamento ou fraccionamento en período voluntario impedirá o inicio do período executivo, pero non o devengo do xuro de demora.
15. Transcorridos dito prazo sen que recaera resolución poderase entender desestimada a solicitude na forma e cos efectos previstos no artigo 43 e 44 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común.

Artigo 18.-Aprazamento ou fraccionamento en período executivo.

Segundo Convenio asinado ca Xunta de Galicia estarase ao disposto polo órgano xestor nesta materia.

Artigo 19.- órganos competentes e entidades colaboradoras.

1. A xestión recadatoria dos tributos do Concello de Rianxo levarase a cabo por:
 - a. A través das entidades bancarias colaboradoras designadas a tal fin polo Concello para cada tipo de ingreso.
 - b. A recadación municipal do Concello.
 - c. Os demais órganos ou entidades públicas ou privadas debidamente autorizadas.
2. Son colaboradores do servizo de recadación , os Bancos ou Caixas de aforro autorizados para a apertura de contas restrinxidas de recadación de tributos e ingresos de dereito público.
3. Os pagos de tributos deberán facerse efectivos en calquera dos Bancos ou Caixas de aforro autorizados.

Artigo 20.- Medios de pago.

O pago de débedas debe realizarse polos medios establecidos neste artigo ou na ordenanza reguladora de cada tributo. Os medios para realizar o pago efectivo serán o seguintes:

1. Diñeiro de curso legal.
2. Transferencia bancaria. Cando así se indique na notificación ,os pagos en efectivo que deban facerse a Facenda Municipal, poderán efectuarse mediante transferencia bancaria. O mandato da transferencia será por importe igual ao da débeda, haberá de expresar o concepto tributario concreto ao que o ingreso corresponda, e conter o pertinente detalle cando o ingreso se refira e deba aplicarse a varios conceptos.

Simultaneamente ao mandato de transferencia os contribuíntes cursarán ao órgano recadador as declaracións que correspondan e as cédulas de notificación expresando a data da transferencia, o seu importe e o Banco ou Caixa de Aforros utilizado para a operación. Os ingresos realizados mediante transferencia entenderanse efectuados na data que teñan entrada nas contas municipais.

3. Calquera outro medio de pago que sexa autorizado polo Concello.

Artigo 21.- Domiciliación bancaria.

O pago dos tributos periódicos que son obxecto de notificación colectiva poderán realizarse mediante a domiciliación en entidades bancarias axustándose as condicións que se detallan a continuación.

1. O obrigado tributario deberá formular solicitude ao Concello nos modelos normalizados que esta habilite.
2. As domiciliacións de pago terán validez por tempo indefinido, podendo os obrigados tributarios en calquera momento, realizalas, anulalas ou trasladalas a outra entidade bancaria, poñéndoo en coñecemento da Facenda municipal, nos modelos normalizados que esta habilite, ca antelación de a lo menos dous meses a data de inicio do período de cobro correspondente aos ingresos. Respecto dos tributos que gocen dalgún beneficio dos previstos no artigo 17 desta ordenanza, a realización ou modificación das domiciliacións deberá ser anterior en dous meses a data de cargo bancario das débedas que o Concello teña establecida. Iniciado o período de cobro dun determinado tipo de ingreso, as domiciliacións e modificacións que se declaren polo obrigados tributarios terán efectos para o seguinte período impositivo.
3. Os obrigados tributarios poderán sinalar na solicitude de domiciliación ou modificación o seu desexo de que a solicitude extenda os seus efectos a tódolos tributos periódicos de notificación colectiva, que poidan devengarse ao seu nome no futuro.
4. O concello reservarase a facultade de anular as ordes de domiciliacións bancarias dos suxeitos pasivos ante a acumulación de recibos devoltos.

Capítulo III. Infraccións, sancións e recursos.

Artigo 22.- Infraccións, sancións e procedemento sancionador.

En todo o relativo as infraccións, sancións e procedemento sancionador en materia tributaria municipal estarse ao disposto na Lei xeral tributaria e demais normativa aplicable.

Artigo 23.- Revisión de actos en vía administrativa.

1. En todo o relativo a revisión en vía administrativa e os procedementos especiais de revisión de actos nulos de pleno dereito, declaración de lesividade de actos anulables, revogación, rectificación de erros, devolución de ingresos indebidos, estarse ao disposto no artigo 14 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e no que resulte de aplicación polo Real decreto 520/2005 de 13 de maio, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei xeral tributaria, en materia de revisión administrativa.
2. O órgano competente para resolver sobre a revogación de actos será o Pleno do Concello.

Artigo 24.- Recurso de reposición.

1. O recurso de reposición poderase interpoñer fronte os actos de aplicación de tributos e demais ingresos de dereito público, nos termos regulados no artigo 14 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

O citado recurso terá con carácter xeral previo e necesario, a utilización posterior do recurso contencioso administrativo, salvo nos supostos excepcionais previstos no precitado artigo 14 ou noutras normas de aplicación.

2. Contra a resolución do recurso de reposición non pode interpoñerse de novo este recurso podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante os tribunais competentes, todo elo sen prexuízo dos supostos nos que a lei permita a interposición de reclamacións económico administrativas contra actos ditados en vía de xestión dos tributos locais.

Artigo 25.- Recurso contencioso administrativo

Contra os acordos definitivos do Concello en materia de establecemento, supresión e ordenación de tributos locais así como as modificacións das correspondentes ordenanzas fiscais, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses contados dende a publicación dos mesmos no Bolefín oficial da Provincia.

Disposición Final

A aprobación da presente ordenanza xeral de recadación municipal do Concello de Rianxo foi aprobada polo Concello en sesión celebrada de de 2012.

O inicio de aplicación desta ordenanza será ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín oficial da provincia."

Segundo.- Expoñer ao público no taboleiro de Edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de máis difusión da Provincia, durante trinta días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

De non formularse reclamacións entenderase definitivamente aprobado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade dun novo acordo plenario

Terceiro.- Os acordos definitivos, incluído os provisionais elevados automaticamente a tal categoría e o texto íntegro das Ordenanzas ou das súas modificacións, deberán publicarse no B.O.P., sen que entren en vigor ata que se leve a cabo dita publicación.>>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO do día 22/10/2012, sendo este favorable.

O alcalde explica que se trae a este pleno unha batería de modificacións das ordenanzas existentes. Basicamente todas as ordenanzas dedícanse a modificar os impostos conforme ao IPC, recóllese a posibilidade de aprazamento en dúas tandas, ogallá poida ser en máis prazos, outra novidade ten que ver coa xestión do IBI onde se fai unha posta ao día cunha redución de familia numerosa e permitindo aplicar unha bonificación ás familias que non superen os 100.000€ cuns índices de progresión segundo a renda; o IPC está engadido por Lei para aplicar as subas nas modificacións existentes.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran di que van a aprobar esta ordenanza.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que estan a favor, que a taxa de abastecemento a domicilio se incrementa un 2,7%, igual no lixo e polo tanto estase axustando, no IBI haberá unha bonificación dun 50% sempre que os valores catastrais non superen os 100.000€, indo polo número de membros por familia, influíndo o feito de que un membro da familia sexa unha persoa con discapacidade, así pon o exemplo de que unha familia de 3 persoas que non superen 25.000€ terían ese desconto, 4 que non superen 35.000€ tamén e así progresivamente. Remata a súa intervención dicindo que esta opción xurdiu da petición veciñal relativa a dificultade para acollerse as bonificacións algunhas familias coa redacción anterior.

Di que o aprazamento non tería custe ningún, estándose estudiando que puidera ser en varios prazos o pago, pero inicialmente para o servizo de recadación sería difícil xa que requiriría un programa máis complexo e custoso, así que se vai ir vendo a súa demanda.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que a suba é dun 2% e discrepa co voceiro do PSOE en que "non é moito" xa que logo os soldos non están subindo e na crise actual vai afectar a moitas familias que non dispoñan de diñeiro nun momento dado.

O alcalde engade, para rematar o debate, que no establecemento da bonificación incrementouse o importe máximo de renda para que poidan acollerse a ela as familias menos pudientes. No tocante ao IVTM figura a aplicación de bonificación aos vehículos de máis de 25 anos como tamén se recolle noutros concellos da comarca.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e por unanimidade dos presentes, con 15 votos a favor (os dos 6 do BNG, os 4 do PSOE e 5 do PP), cero abstencións e cero votos en contra, dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-

10.- MOCIONS DE URXENCIA.

Entrado neste punto non se presenta ningún.

11.- ROGOS E PREGUNTAS

O Alcalde ofrece a quenda á voceira do grupo do PP.

M^a Vanesa Martínez Duran, concelleira do PP, da lectura a un texto da rede social Facebook no que unha persoa relacionada co BNG dixo: <<Galega de corazón, vasca de pensamento, estou triste moi triste...e non aprenden máis! E seguirán mexando por nós, e moitos seguirán dicindo que se está ben debaixo da choiva ouriñenta...que coa rabia que levo dentro agora mesmo mataría a un bo puñado de pepeiros que nos acaban de meter a cabeza debaixo da terra durante catro anos máis...E ao acabar cos pepeiros prenderíalle lume a todos os que hoxe non exerceron o seu dereito ao voto...Respeto? cando todos eles me respecten a min! Fillos da grandísima puta, e a puta non te culpa, ostia!>>

Remata a concelleira do PP engadindo que ademais unha concelleira do goberno municipal amosou o seu acordo con este texto e pregúntalle ao alcalde se tamén amosa a súa conformidade, xa que claro está que é exemplo de falta de respecto á democracia.

O alcalde di que non vai responder sobre este tipo de manifestacións en redes sociais, que xamais lle verá ou oírá empregar ditas palabras nin incluso en momentos de fervor político, mítines ou de ardor no exercizo das funcións. Di que si entra nestas redes sociais atoparemos unha colección de frases inapropiadas e non estima o pleno como lugar para preguntar por ilo xa que ve estas manifestacións coma un chascarrillo de bar.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 20:45 HORAS, de orde da Presidencia, ábrese a sesión a ROGOS E PREGUNTAS DO PUBLICO ASISTENTE.

Levántase a sesión ás 21:47 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde

A Secretaria

Adolfo Muíños Sánchez

Carolina Costoya Pardo